



POLICÍA LOCAL

CONCELLO DE AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Juan Antonio Suárez, s/n (CAP) · CP: 15320 · Telf.: 981 45 31 91 · Fax: 981 45 19 63 · REL: 01150709 · CIF: P1507100D

Dende esta Policía Local, vense observando como se volve a facer un uso abusivo do Carril-Bici, por parte dos vehículos que estacionan ao longo da Rúa Monte Caxado, obrigando en moitas ocasións a facer baixar os usuarios do mesmo a calzada, supoñendo un risco para a súa integridade física. Ademais, sobre todo as horas de entrada e saída do colexio, a presenza de vehículos estacionados sobre este carril, presenta un perigo evidente de atropelo para os nenos que abandonan o colexio camiñando.

Dende a unificación dos colexios Monte Caxado e Magdalena, o número de nenos a entrada e saída do colexio aumentou considerablemente, aumentando tamén o risco de sufriren algún accidente

Ase mesmo, durante as xornadas de tarde, durante as que teñen lugar actividades extra-escolares nos pavillóns polideportivos da Magdalena, tamén se fai un uso irregular do Carril-Bici, facéndoo practicamente impracticable polos usuarios.

Ante esta situación, dende esta Policía Local, efectuarase un control mais exhaustivo e procederase a denunciar tódolos vehículos que **paren** ou **estacionen** no mencionado carril-bici.

O que se lle traslada, para se o estima convinte lle de a máxima difusión entre os pais e nais dos alumnos.

As Pontes a 21 de Novembro de 2017

Asdo. José Antonio Cendán Dopico
Xefe da Policía Local das Pontes



**Recibín o Orixinal.
As Pontes,
O INTERESADO**

SR.-A DIRECTOR-A DO C.P.I. A MAGADALENA
A.N.P.A. A MAGDALENA

21 / 11 / 2017